

## ***Alles, was da kreucht und fleucht: os fraseoloxismos alemáns con elementos únicos, entre sincronía e diacronía***<sup>1</sup>

Marek Laskowski  
Zielona Góra

Resumo: Neste artigo presentamos algunhas propiedades dos fraseoloxismos da lingua alemá con compoñentes únicos. Toda lingua conta cun inventario de regras determinado que rexe o modo de combinar palabras para expresar ideas e sentimentos. As unidades fraseolóxicas conteñen con certa frecuencia compoñentes únicos, mais con menor frecuencia ca as combinacións fraseolóxicas, por exemplo, *alles, was da kreucht und fleucht, das Hasenpanier ergreifen, jmdm. Eselbrücke bauen, etwas aus dem Effeff kennen, am Hungertuch nagen*. As características semánticas das unidades fraseolóxicas con formadores de ligazón fraseolóxica veñen determinadas en primeiro lugar pola función aglutinadora das unidades fraseolóxicas. Esta función aglutinadora dos fraseoloxismos que xurdiron como resultado de diferentes procesos intralingüísticos que se produciron na evolución das linguas e que foron determinados por factores sociais da vida das persoas define a súa capacidade para reproducir información e experiencias de relevancia social, e, en consecuencia, para conservar e transferir distintos coñecementos da historia, da xeografía, da economía, da cultura e da vida cotiá das persoas mediante compoñentes nacionais-culturais da semántica das unidades fraseolóxicas.

Palabras clave: fraseoloxía, fraseoloxismo, constituintes ligados fraseoloxicamente, elementos únicos, palabras diacríticas, sincronía, diacronía

*Abstract: In this article, we presented some properties of idioms with unique components in German. Each language has a certain set of rules that govern way words are put together to express facts, ideas, and feelings. Phraseological units contain the unique component rather often but less commonly than phraseological combinations. For example, alles, was da kreucht und fleucht – all creatures great and small, das Hasenpanier ergreifen – to tail off, jmdm. die Eselbrücke bauen – to prompt somebody, etwas aus dem Effeff kennen – to know sth backwards (inside), am Hungertuch nagen – to be starving (on the breadline). The semantic features of phraseological units with the phraseologically linked formative are determined primarily by the cumulative function of phraseological units. The cumulative function of phraseologisms which emerged as a result of various intralingual processes of the language development and were determined by social factors of the life of people, defines their ability to fix, preserve, transfer and thus reproduce the socially significant information*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 06.01.2016. Data de aceptación: 21.06.2016.  
Tradución do texto orixinal en alemán realizada por Patricia Buján Otero.

and experience, and, as a result, various knowledge from history, geography, economy, culture and everyday life of the people, which comprises the national-cultural component of the semantics of phraseological units.

Keywords: *phraseological units, phraseology, phraseologically linked formative, synchrony, diachrony*

## 1. Introducción e obxectivos

Este traballo constitúe un intento de investigar unha área restrinxida do inventario fraseolóxico da lingua alemá actual, en concreto, os fraseoloxismos (no sucesivo, FR) con constituíntes ligados fraseoloxicamente (compoñentes únicos, *Unikalia*, unidades ligadas fraseoloxicamente, palabras diacríticas, palabras idiomáticas) (*cf.*: Dobrovól'skij (1979; 1988; 1989), Fleischer (1989), Dobrovól'skij/Piirainen (1994a; 1994b; 1994c), Mellado Blanco (1998), Häcki-Buhofer (2002a; 2002b), Sailer (2004), Sailer/Trawiński (2006).

Perséguese dous obxectivos principais: clasificar os FR con compoñentes únicos, así como explicar os constituíntes únicos presentes nas construcións fraseolóxicas e ilustralos con material actual.

A contribución dos distintos compoñentes ao efecto final da figuratividade dos FR metafóricos pode ser máis importante ca o significado fraseolóxico global (*cf.*: Burger 2008: 90-114, Fleischer 1997: 225, 240). Segundo Riesel (1970: 310), entendemos a plasticidade no sentido de claridade e evidencia. A claridade plástica ou gráfica e a comprensibilidade das palabras e das combinacións de palabras relaciónanse con axuda de situacións claras e circunstancias reais rexistradas e facilmente comprensibles, por exemplo, *Öl ins Feuer gießen* ('botar aceite ao lume', "facer algo que empeore unha situación, *botar leña ao lume*")<sup>2</sup>. En cambio, a figuratividade obtense a partir de comparacións, tropos, metáforas, metonimia e expresión do FR, por exemplo, *Maulaffen feilhalten*<sup>3</sup> (*cf.*: tamén Burger 2007: 92-93).

É evidente que os fenómenos culturais xeran determinadas formas lingüísticas, mais a cultura está sometida a fortes cambios, máis ca a lingua, polo que en todas as linguas —dende o punto de vista do determinismo cultural— se atopan numerosos arcaísmos. En consecuencia, algúns elementos conservan as súas posibilidades semántico-asociativas dende hai séculos.

<sup>2</sup> Unicamente se traduce literalmente ou se indica o significado do fraseo alemán cando se considera relevante para a comprensión do texto. [N. da t.]

<sup>3</sup> Ben que a orixe deste FR é discutida, Röhrich explica que o substantivo *Maulaffen* remite ás pezas de madeira que sostían as teas con que alumeban os interiores os pobos do norte de Europa durante a Idade Media. Estas pezas (que máis tarde se farían de ferro) tallábanse con forma de cabeza humana e boca rectangular á que se fixaba a tea (fonte: Röhrich, Lutz (1991): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Freiburg: Herder). O fraseoloxismo alemán *Maulaffen feilhalten* significa "quedar mirando sen reaccionar, *coa boca aberta*". [N. da t.]

## 2. Terminoloxía

Os fraseoloxismos, tamén denominados frasemas e unidades fraseolóxicas, conforman o obxecto da fraseoloxía. Trátase de grupos fixos de palabras que se caracterizan por determinadas propiedades. O concepto FR refírese a aquelas expresións que están formadas por máis dunha palabra (polilexicalidade), que presentan certa estabilidade sintáctica (fixación) e que poden ser irregulares no plano semántico ou, noutras palabras, de significado non-composicional (idiomaticidade) (Burger 2007: 11-15). Estas propiedades están presentes nos distintos FR en maior ou menor grao. Enténdese por combinacións usuais de palabras (Steyer 2013) aqueles FR que son reproducidos reiteradamente polos falantes dunha comunidade cunha forma e significado determinados, de maior ou menor fixación (reproducibilidade) (*cfr.* Steyer 2013). Non se trata unicamente de elementos do sistema de signos, do lexicón mental, senón tamén de portadores da cultura, pois algúns FR transmiten na súa base figurativa feitos con carga cultural ou mesmo específicos dunha cultura concreta. Os FR con elementos únicos conteñen ideas e formas lingüísticas legadas que presentan combinacións únicas de diferentes restricións lingüísticas. Polo tanto, pódese asumir, con certeza, que a semántica dun FR non sempre é deducible do significado dos seus compoñentes; en certo modo, atópase fóra do eido regrado da gramática. En virtude desta categorización, os FR teñen a posibilidade de ampliar o vocabulario dende o punto de vista sincrónico e diacrónico, así como de designar a realidade. Un aspecto fundamental para o tema aquí abordado é a estabilidade fraseolóxica, que acentúa os aspectos seguintes: a ocorrencia de palabras ligadas fraseoloxicamente, as anomalías sintácticas, morfolóxicas e flexivas, a estabilidade dos compoñentes non-idiomáticos, por exemplo, *Freud und Leid* (“penas e alegrías”), *etw. frei Haus liefern* (“enviar algo franco domicilio”), *vor Ort sein* (“estar in situ”), *an den Bettelstab kommen* (“chegar á vara do mendigo”, “arruinarse”), *eine Scharte auswetzen* (“eliminar as melas do gume, afiar”, “emendar un erro”), *abhanden kommen* (“irse fóra das mans”, “perderse, extraviarse”).

## 3. Sobre a especificidade dos necrotismos

Nos necrotismos que, en principio, unicamente se manifestan na estrutura de unións fraseolóxicas de palabras e que seguen a ser frecuentes, apréciase unha relación estreita entre o grao máximo de figuratividade e o grao máximo de idiomaticidade e plasticidade. Porén, cómpre ter en conta que a comprensión do significado fraseolóxico global por parte dun falante contemporáneo non está ligada ao coñecemento histórico da súa etimoloxía. Os compoñentes necróticos funcionan no lexicón mental independentemente do illamento léxico. Aquí tórnase manifesto que a contradición inmanente no concepto da imaxe é atribuíble a toda unha tradición investigadora: son sobre todo os FR con compoñentes únicos os que se citan como exemplos de imaxes especialmente plásticas e expresivas. Malia que no uso lingüístico actual non teñen ningún tipo de significado libre e que, en consecuencia, non son plásticos no mesmo sentido que o son outras palabras, podemos sinalar atributos reais, existentes e característicos destes compoñentes que están estreitamente ligados a eles, como nos FR *alles, was da kreucht und fleucht; jmdn. unter seine Fittiche nehmen, etwas aus dem Effeff beherrschen/können/verstehen*,

*am Hungertuch nagen, in der Tretmühle, doppelt gemoppelt, gang und gäbe, fröhliche Urständ feiern, etwas auf dem Kerbholz haben, Maulaffen feilhalten.* Por unha banda, os elementos que conforman os compostos que, á súa vez, son os compoñentes únicos dos fraseoloxismos, forman parte do vocabulario activo da lingua alemá contemporánea e evocan as imaxes correspondentes (nos anteriores FR atopamos os compostos *Hungertuch*, *Treitmühle*, *Kerbholz* e *Maulaffen* que, respectivamente, podemos descompor en *Hunger* e *Tuch* —'fame' e ' pano'—, *treten* e *Mühle* —'pisar' e 'muíño'—, *kerben* e *Holz* —'entallar' e 'madeira'—, *Maul* e *Affe* —'boca' e 'mono'—). Segundo Feyaerts (1994) e Dobrovól'skij/Piirainen (1994), tamén o compoñente único *Hehl* no FR *keinen Hehl aus etwas machen* ("non disimular algo") pode evocar unha imaxe concreta, pois pódese relacionar co verbo *verhehlen* ("ocultar, agochar"). Por exemplo:

(1) *Diese Wegzehrung war dem Geistlichen dann doch etwas peinlich, obwohl der Konditorensohn sonst eigentlich aus seiner Schwäche für Süßigkeiten keinen Hehl macht.* (<http://wortschatz.uni-leipzig.de/www.goettinger-tageblatt.de>, 05/01/2011)

(2) *Auch daß ein Unglück selten allein kommt, mußte der junge Mann an sich erfahren. Die Mutter verhehlte ihm nicht, in welchem Zustande sich Toni befinde. Gustav geriet außer sich vor Zorn.* (<http://www.dwds.de>, Polenz, Wilhelm von: *Der Büttnerbauer*. Berlin, 1895)

No entanto, por outra banda, non poden brindar unha base para a metafóricación dispoñible común a todos os falantes da lingua en cuestión. En realidade, retemos na memoria con maior facilidade aquilo que é inusual ca o usual, como por exemplo, as palabras *Fettnäpfchen*, *Scherflein*, un fenómeno que non é exclusivamente lingüístico. Por exemplo:

(3) *Sie alle haben ihr Scherflein beigetragen zum prestigeträchtigen Gastspiel; auf den besten Plätzen der Ministerpräsident Stanislaw Tillich (hat zwar nix gezahlt, ist aber katholisch) und die Vertreter diverser Großsponsoren, etwas weiter am Rand diejenigen, die bereit waren, 250 Euro für eine Karte zu zahlen.* (<http://www.dwds.de>, *Die Zeit*, 26/04/2012)

Xa que logo, os FR con compoñentes únicos son con frecuencia tan ilustrativos coma os que teñen compoñentes usuais. Disto derívanse consecuencias de gran repercusión para a comprensión e a utilización, que se basean na interpretación, ben que aínda cómpre integrar a cuestión da idea de imaxe.

Tanto a posición periférica dos FR fronte á estratificación da lingua, coma a irregularidade dos procesos de formación fraseolóxica dificultan a descrición das súas características lingüístico-estruturais, en particular con respecto á teoría fraseolóxica xeral.

#### 4. Fraseoloxismos con constituíntes ligados fraseoloxicamente

A seguir procuramos describir os FR con constituíntes ligados fraseoloxicamente (no sucesivo, CLF), establecer a tipoloxía dos FR con compoñentes únicos (ou palabras diacríticas) e ilustrar os CLF das construcións fraseolóxicas. Para isto cumprirá abordar en detalle o carácter dos CLF, centrándonos particularmente na súa natureza semántico-estrutural.

#### 4.1 Os constituíntes ligados fraseoloxicamente como fenómenos lingüísticos

O fenómeno dos CLF constitúe un feito lingüístico complexo. Dado que, conforme se desprende claramente da literatura especializada, non existe unanimidade de opinión no que atinxe ao carácter dos compoñentes únicos, constátase tamén unha discrepancia terminolóxica á hora de describir e designar os constituíntes. Neste estudo emprégase a terminoloxía proposta en alemán por Dobrovól'skij (*phraseologisch gebundene Formative*, “constituíntes ligados fraseoloxicamente”, CLF) e pártese da súa definición. Considérase un CLF aquel elemento léxico que só se emprega como elemento constitutivo dun FR, por exemplo, *Reißaus* en *Reißaus nehmen*, *Bärendienst* en *jmdm. einen Bärendienst erweisen*, *klipp* en *klipp und klar* etcétera (cfr. Dobrovól'skij 1984, Dobrovól'skij 1989, Fleischer 1989, Häcki-Buhofer 2002a, 2002b, Naumann 1987, Melčuk/Reuter 1984, Šmelov 1981, Soehn 2003). Así, por exemplo, Amosova (1963) postula a partir de material da lingua inglesa un grupo de FR que conteñen os denominados necrotismos ou elementos necróticos. A autora inclúe entre eles non só os CLF, senón tamén os homónimos léxicos. O concepto do necrotismo baséase nas relacións semántico-paradigmáticas que existen entre un constituínte fraseolóxico e as demais palabras, obviando por completo a súa estrutura. Por este motivo, o emprego deste termo para os CLF alemáns non é en absoluto recomendable dada a heteroxeneidade das relacións semántico-paradigmáticas que se dan entre un CLF e outras palabras. Isto prodúcese precisamente pola estrutura complexa dalgúns FR que conteñen CLF. Así, por exemplo, as construcións de compostos ligadas fraseoloxicamente non se sitúan fóra dos paradigmas semánticos, por exemplo, *den Drehwurm haben*, onde o substantivo *Drehwurm* establece unha relación semántico-paradigmática tanto co verbo *haben* (‘ter’) coma co substantivo *Wurm* (‘verme’), igual que *Kohldampf schieben* e moitos outros FR.

Encontramos un enfoque semellante para este problema en Kunin (1986), quen sinala que para determinar os CLF cómpre ter en conta tanto o constituínte coma o significado (vid. Dobrovól'skij 1988: 87). Tamén se consideran CLF os derivados de topónimos antigos, por exemplo, *der gordische Knoten* (“un nó gordiano”). Trátase neste caso de constituíntes ligados fraseoloxicamente porque non son os substantivos (que dado o caso se poderían dar de forma illada), senón os CLF que se derivan deses substantivos e que atopamos dentro do FR. Considéranse CLF formais tamén aquelas palabras que nos dicionarios aparecen marcadas con indicacións do tipo “emprégase só na construción [...]” ou “só en combinación con [...]”. Tamén se empregan como CLF toda unha serie de estranxeirismos e mesmo cadeas de varias palabras noutras linguas: *etwas ad absurdum führen* (‘levar algo *ad absurdum*, ao absurdo’), *etwas ad acta legen* (‘gardar algo *ad acta*’, “dar algo por despachado”), *etwas in petto haben* (‘ter algo *in petto*’, “ter algo preparado”). No alemán, case todos estes estranxeirismos son de orixe latina ou francesa (cfr. Fleischer 1982: 58). Para determinar o carácter dos CLF resulta de especial relevancia a definición de Schippan (1992: 81): “Alle die Formative sind phraseologisch gebunden, deren Bedeutung nur in festen Kontexten realisiert werden kann”<sup>4</sup>. Isto determina tamén

<sup>4</sup> Tradución da cita: “Considérase que están ligados fraseoloxicamente todos aqueles constituíntes cuxo significado só se pode producir en contextos concretos”. [N. da t.]

a selección dos criterios dos FR que contan con constituíntes únicos (*cf.* tamén Donalies 2009: 78, Sailer 2004: 195, Fleischer 1982: 46).

Considéranse compoñentes únicos ou palabras diacríticas só aquelas palabras cuxos formativos nunca se empregan —ou só en contadas excepcións— na actualidade de forma illada, é dicir, fóra das unidades fraseolóxicas. Por este motivo, os CLF tenden unha ponte entre os aspectos sincrónicos e diacrónicos da lingua. Donalies (2009: 78) considera que “[man] solchen Leichen [Nekrotismen] neues Leben einhauchen kann. Dann wandeln wir die ausgestorbenen Relikte zu Lebendigem. So sagen wir zum Beispiel *jemandem den Rang ablaufen* (jmdn. übertreffen)”. Segundo explica Olschansky (2004: 120) con total claridade, esta locución verbal expresábase orixinariamente como *jemandem den Rank ablaufen* onde *Rank* significa “volta do camiño”; polo tanto, a locución significaba “saírille a alguén ao paso, ao camiño; esperar a alguén no camiño”. Debido ao renacer de *Rang* (“rango”), agora lemos *jemandem den Rang ablaufen* co significado “discutirille a alguén a súa posición ou rango nunha xerarquía” (*cf.* Eismann 2003). A locución verbal *etwas aufs Tapet bringen* co significado de “tematizar algo” é problemática dende o punto de vista intralingüístico e interlingüístico, porque o termo *das Tapet* (referido á peza de pano groso, polo xeral de cor verde, co que se cobren as mesas de negociación) xa non é de uso común no alemán actual. Con isto, os autores arriba mencionados contribuíron de forma fundamental á análise dos problemas da fraseoloxía alemá. Á hora de decidir sobre o status do compoñente cómpre ter en conta se, dados distintos significados, se trata dun caso de polisemia ou de homonimia; neste último caso habería pois que partir de dúas palabras distintas. Por exemplo, en alemán a palabra *Kegel* emprégase libremente, mais non se pode afirmar se os seus formativos se han de relacionar ou non cos da construción *mit Kind und Kegel* (“con toda a familia”). Se aplicamos o criterio da homonimia, daquela cómpre explicalos como formativos únicos (*cf.* Fleischer 1982: 46). Un compoñente pode converterse en compoñente único polo feito de caer en desuso como palabra autónoma. Así, por exemplo, o dicionario monolingüe *Wörterbuch der deutschen Gegenwartssprache* marca a palabra composta *Präsentierteller* como palabra en desuso co significado “fonte sobre a que se entrega algo, especialmente tarxetas de visita” (*vid.* <http://www.dwds.de>), e especifica ademais que hoxe en día se emprega na expresión *wie auf dem Präsentierteller sitzen* (aplicado a persoas, “estar exposto á vista de todos; ser o centro de todas as miradas”). A decisión de se esta palabra composta ten o status de constituínte único depende de se se considera ou non como elemento do léxico estándar actual. Un constituínte tamén se pode considerar único se como lexema único libre está estreitamente ligado a un uso especializado co que no uso coloquial non se establece ningunha relación. Se non, quen había relacionar o composto antes sinalado no FR *den Drehwurm haben* co termo específico da zooloxía *Drehwurm* que designa a larva dun tipo especial de tenia que provoca a doenza coñecida como cenurose ou teo? Do contrario, non se falaría de compoñente único (*cf.* Fleischer 1982: 45).

O motivo da interpretación do carácter arcaico dos FR con constituíntes ligados fraseoloxicamente reside na confusión entre dous niveis: o nivel do propio formativo ligado e o nivel do FR no seu conxunto (*cf.* Dobrovolskij/Piirainen 1994: 63).

Os constituíntes únicos están ligados a unha única construción (mesmo a dúas ou tres, por exemplo, o termo *Betracht* en *etw. in Betracht ziehen, außer Betracht lassen, außer Betracht bleiben*), mais, en calquera caso, non se empregan como unidades léxicas con autonomía sintáctica. Como xa se indicou, denominamos “necrotismos” aqueles compoñentes únicos que xa non presentan ningún tipo de vínculo dentro do vocabulario da lingua actual. Este sería o caso, por exemplo, do substantivo *Urständ* en *fröhliche Urständ feiern*, ou dos adxectivos *gang und gäbe* (Fleischer 1997: 43). Resta por constatar que, ademais das anomalías léxica e morfolóxica, tamén a anomalía sintáctica dos FR é un trazo da súa estabilidade. As anomalías sintácticas prodúcense, por unha banda, na unión sintáctica dos compoñentes dun FR; por outra, nas restricións de transformación coñecida como “defectividade transformacional” (Fleischer 1997: 47). Deste xeito, as “anomalías superficiais” residen no feito de que mantiveran no enlace fixo do FR as posibilidades de construción máis antigas que xa non son usuais fóra do FR.

- a) Uso non-flexionado do adxectivo atributivo ou do participio con función de adxectivo, por exemplo, *eitel Freude/Glück, frei Haus, frei Gelass, gut Holz, [ein] politisch' Lied, [ein] garstig' Lied*, etcétera.
- a) Xenitivo adverbial ou construción de xenitivo como obxecto, por exemplo, *guten Glaubens, guter Hoffnung sein, des Todes sein*, etcétera.
- b) Anteposición do xenitivo atributivo, por exemplo, *auf des Messers Schneide stehen, in (des) Teufels Küche kommen, aus aller Herren Länder*, etcétera.
- c) Outras anomalías de rección, por exemplo, *jmdn. Lügen strafen, ins Haus stehen, den Wald vor lauter Bäumen nicht sehen, nahe ans Wasser gebaut haben*, etcétera.
- d) Irregularidades no uso do artigo, por exemplo, *vor Ort, auf Draht, Hals über Kopf, eines Nachts*, etcétera.
- e) Casos especiais no uso dos pronomes, sobre todo do pronome neutro *es* sen referencia a un compoñente do contexto, por exemplo, *es leicht/schwer/gut/schlecht haben, es jmdm. ordentlich tüchtig/feste geben*, etcétera (cfr. Fleischer 1997: 48-49).
- f) Anomalías no emprego das preposicións e similares, por exemplo, *jmd./etwas ist nicht (so ganz) ohne, Bescheidenheit ist eine Zier, doch weiter kommt man ohne ihr*, etcétera.
- g) Formación do dativo co sufixo *-e*, por exemplo, *wie aus einem Munde, in aller Munde sein, zu Buche schlagen*. Cómpre sinalar que non hai consenso sobre a inclusión destes frasemas entre os CLF.

Segundo Hallsteinsdóttir (2001: 277), os compoñentes únicos “[werden] durch die Festigkeit in Phraseologismen konserviert und tragen zugleich zur Festigkeit des jeweiligen Phraseologismus bei”<sup>5</sup>. Xa non presentan interpretación autónoma e, en caso de emprego illado, mantense o significado fraseolóxico (cfr. Keil 1997: 96). Do estudo empírico de Hallsteinsdóttir (2001: 278) derivase claramente que, polo xeral, a unión fraseolóxica

<sup>5</sup> Tradución da cita: “consérvanse debido a súa fixación nos fraseoloxismos e, ao mesmo tempo, contribúen á fixación do fraseoloxismo en cuestión”. [N. da t.]

de compoñentes únicos non é intuitiva, inconsciente, para os falantes. No entanto, non se considera que un elemento único illado estea exento de significado, senón que se lle asigna unha interpretación que se concibe como significado literal. Burger (2007: 94) confirma isto do xeito seguinte:

*Wenn man Versuchspersonen auffordert zu sagen, was sie sich unter Hungertuch, Tretmühle, Kerbholz, Maulaffen vorstellen, werden sie ohne weiteres in der Lage sein, konkrete Merkmale zu nennen, die sie mit diesen Worten assoziieren.*<sup>6</sup>

Un FR pode conservar nos seus estadios lingüísticos máis antigos compoñentes fosilizados e non-flexibles (cfr. Fleischer 1997: 47). Os FR do tipo *in aller Munde sein* constitúen, en certo modo, o último bastión da flexión arcaica do dativo. Están suxeitos a unha restrición morfolóxica en diferente medida: o dativo é *Munde* e non se pode formar, de xeito análogo ao constituínte en unións libres, sen a desinencia (-e) (*in aller \*Mund sein*). En cambio, *die Gelegenheit beim Schopf packen/fassen* sería, por exemplo, unha variante absolutamente viable para *die Gelegenheit beim Schopfe packen* en (4) *Doch um diese Chance beim Schopfe zu packen, brauche er dringend 11 000 Euro.* (<http://wortschatz.uni-leipzig.de/www.otz.de>, 2011-01-19), pero só *sich am eigenen Schopf/Zopf/sich an den eigenen Haaren aus dem Sumpf ziehen* en: *Die Wirtschaft soll sich mit Wachstum zuszusagen selbst an den Haaren aus dem Sumpf ziehen* (<http://wortschatz.uni-leipzig.de/www.net-news-global.de>, 2011-01-13); ou en:

(5) *Europäische und kanadische Unternehmer möchten die immer wichtiger werdende ökonomische Drehscheibe für den karibischen Raum unter sich aufteilen, ehe eines Tages die Amerikaner wieder auf den Plan treten. Viele Geschäftsleute bewundern, mit welcher Disziplin sich das Land nach dem Zusammenbruch des kommunistischen Ostblocks am eigenen Schopf ohne fremde Hilfe aus dem Abwärtsstrudel gezogen hat.* (<http://www.dwds.de>, *Die Zeit*, 20/05/1999)

Segundo Hallsteinsdóttir (2001: 283), os constituíntes únicos poden:

*[...] nur dann als solche erkannt werden, wenn sie schon – im Phraseologismus – bekannt sind, d.h. der Phraseologismus muss dann, als die einzig mögliche sprachliche Umgebung, geläufig sein. Sonst wird die unikale Komponente als ein normales noch nicht gelerntes Wort eingeordnet, das dann allerdings durch die Unbekanntheit zu Verstehensschwierigkeiten führen kann [...], die wiederum durch das Heranziehen von Kontextinformationen als Basis für logische Schlussfolgerungen überwunden werden können.*<sup>7</sup>

<sup>6</sup> Tradución da cita: “Cando se lles pide aos suxeitos de proba que digan que entenden por *Hungertuch*, *Treitmühle*, *Kerbholz*, *Maulaffen*, son quen de mencionar características concretas que asocian con estas palabras”. [N. da t.]

<sup>7</sup> Tradución da cita: “ser recoñecidos como tales cando xa son coñecidos (no fraseoloxismo), é dicir, o fraseoloxismo, en tanto que única contorna lingüística posible, debe ser común. Do contrario, considerárase que o compoñente único é unha palabra normal pero descoñecida que, debido a este descoñecemento, pode dar lugar a dificultades de comprensión [...] que, por súa vez, se poden emendar botando man de información contextual que se utiliza como base para tirar deducións lóxicas”. [N. da t.]



## 4.2 Problemas de delimitación

Dentro dos FR con CLF existen algúns casos límite. Isto débese a que non sempre se pode contestar con rotundidade se un ou outro constituínte se emprega hoxe en día de forma libre. Este problema está ligado, en definitiva, ao concepto da lingua alemá actual, en cuxa evolución desempeñan un papel importante tanto a sincronía coma a diacronía. Non é difícil imaxinar contextos en que por motivos estilísticos ou doutra índole se poida empregar un constituínte inusual ou arcaico. Trátase, polo xeral, de arcaísmos ou historismos que están fóra de uso. Estas palabras pertencen á periferia máis extrema do sistema lingüístico, mais non se pode excluír por completo o seu uso libre. Atendendo a estas posibilidades, inclúense os FR que conteñen este tipo de constituíntes. Entre os FR deste grupo cóntanse aqueles casos límite de combinacións fraseolóxicas de palabras, como *sein Dezem bekommen*, *Posto fassen*, *in Harnisch geraten*, *sich in Positur setzten* etcétera. Por exemplo:

(6) *Vor 44 Jahren erstattete Konrad Adenauer den Alliierten Hochkommissaren auf dem Petersberg Vollzugsmeldung über die Bildung der ersten Bundesregierung. Die Kommissare standen vizeköniglich auf einem Teppich, Adenauer sollte demütig davor Posto fassen. Er scherte sich jedoch nicht um das Protokoll der Sieger; sondern trat, selbstbewußt und souverän, auf das gute Stück.* (www.dwds.de, *Die Zeit*, 29/10/1993)

Entre os casos límite de ligazón fraseolóxica dos constituíntes, en concreto, do morfema básico, inclúense os constituíntes principais dos FR seguintes: *die Posaunen Jerichos*, *Lethe trinken*, *seit Olims Zeiten*, *Knecht Ruprecht* etcétera. Por exemplo:

(7) *Auch auf ihr lag der schwere Druck der Zeit; auch die » National-Zeitung der Deutschen « wünschte am Neujahrstage dem Kaiser und seinem tapfern Heere Heil und Segen und Preußen einen » Trunk aus Lethes Quelle «* (www.dwds.de, Goldfriedrich, Johann, "Geschichte des Deutschen Buchhandels vom Beginn der Fremdherrschaft bis zur Reform des Börsenvereins im neuen Deutschen Reiche", en: Mark Lehmstedt (ed.), *Geschichte des deutschen Buchwesens*, Berlin: Directmedia Publ. 2000, 3931-5015)

Os compoñentes básicos destes FR son, xeneticamente, nomes propios que raramente se empregan de forma libre. Significativamente máis frecuentes son nomes propios como *Adam*, *Jacob*, *Abraham*, que atopamos como compoñentes básicos en FR como *seit Adams Zeiten* ('dende os tempos de Adán'), *der wahre Jacob* ('o auténtico Xacobo'), *in Abrahams Schoß ruhen* ('descansar no colo de Abraham'). Por exemplo:

(8) *Das folgt halt wie aufs A das B. Ein Häusel baun mit fremdem Geld , Wer also haust, um den ists so bestellt. Das ist seit Adams Zeit der Lauf , Ist nit erst kürzlich kommen auf . Zum Schluß aber tät ers in d , Schuh schieben Dem, so er Haufen Geldes schuldig blieben.* (www.dwds.de, Hofmannsthal, Hugo von, *Jedermann*, Berlin: S. Fischer 1911, 91986)

Aínda máis complexa sería a delimitación nos FR *Kotzebues Werke studieren* ('estudar as obras de Kotzebue'), *das Ei des Kolumbus* ('o ovo de Colón') etcétera.

Isto ilustra as dificultades que xorden á hora de distinguir os distintos tipos. Entre os casos límite encóntranse tamén os FR do tipo *aus dem Effeff* e *bis zum Tezett*. Por exemplo:

(9) *Der 47jährige gelernte Dreher Heinz Herzlieb, der seit über zwanzig Jahren Lehrlinge ausbildet, sein Fach aus dem Effeff beherrscht, vermittelt nicht nur Wissen über Zerspanungsmaschinen.* (www.dwds.de, *Neues Deutschland*, 01/09/1987)

Os seus constituíntes básicos derivanse das letras F, T e Z, e presentan a correspondente variante ortográfica (*ff* e *tz*, respectivamente). Dado que a compoñente ortográfica é secundaria, estes elementos considéranse aquí formacións particulares que non están suxeitas a ningunha análise morfolóxica e que non contan con equivalentes entre os lexemas libres, é dicir, están ligados fraseoloxicamente como constituíntes no seu conxunto. A maioría destes FR poden aparecer en moitos textos, polo que non son tan inusuais como se supón. O seu potencial de produción textual desenvólvese no ámbito da *parole*, da fala. Entendemos por posibilidades para a produción de textos aquelas propiedades semántico-estruturais do FR como elemento do sistema lingüístico que posibilitan a súa aparición nos textos. Porén, isto non significa que estas capacidades se dean realmente na *parole* e que o FR en cuestión se empregue realmente en todos os textos nos que podería empregarse potencialmente. Non existe, polo tanto, unha relación 1:1 entre o potencial de produción textual e a frecuencia de uso (*cfr.* Dobrovol'skij/Piirainen 1994a: 75).

Citamos a seguir algúns exemplos de uso destes fraseoloxismos extraídos da novela *Kindheitsmuster* de Christa Wolf:

(10) *Bruno Jordan hat gewusst, wer das in seinem Laden stand. Er wusste: der Mann hat mich auf dem Kieker.*

(11) *Bruno Jordan kam als Kavalier gekleidet, in Frack und Klack.*

(12) *Dir ist jetzt klar, warum du sechszwanzig Jahre nicht erpicht gewesen bist hierzukommen.*

O carácter claramente coloquial destes FR garante o seu funcionamento no discurso informal e na literatura popular, converténdose así nun compoñente fixo do sistema fraseolóxico da lingua alemá actual. Similar é o caso de FR como, por exemplo, *jdm. die Leviten lesen, klipp und klar*. Por exemplo:

(13) *Am frühen Morgen zwischen 8 und 9 Uhr legten sich die Jungen und Mädchen der 4a der Grundschule Borgeln gemeinsam mit der Polizei auf die Lauer, um Rasern die Leviten zu lesen.* (<http://wortschatz.uni-leipzig.de/www.soester-anzeiger.de>, 24/01/2011)

### 4.3 Tipoloxía e explicación das combinacións fraseolóxicas de palabras con compoñentes únicos

Os compoñentes únicos están presentes en diferentes tipos de fraseoloxismos. A orixe de tales FR está intimamente ligada ás súas fontes extralingüísticas. Así, por exemplo, os FR como *aus der Arche Noah* ('da arca de Noé'), *zur Salzsäule erstarren* ('converterse en estatua de sal'), *im Schweiß seines Angesichts* ('co suor da súa fronte') caracterízanse polo seu carácter bíblico e denomínanse "biblismos". Por outra banda, todos eles están marcados pola presenza de elementos arcaicos entre os seus compoñentes. Así, por exemplo, *Arche* é un arcaísmo léxico; *Salzsäule*, un composto arcaico, e *Schweiß*, unha flexión de dativo arcaica. A xénese dos FR con CLF comporta, así mesmo, problemas de definición e delimitación. Os FR con CLF non conforman en absoluto un grupo homoxéneo, senón altamente heteroxéneo tanto dende o punto de vista estrutural coma semántico. É posible clasificalos atendendo tanto á xenética, é dicir, en relación á súa forma interna, coma atendendo ao criterio da sincronía, é dicir, dende o punto de vista do funcionamento do FR en cuestión na lingua actual. Na análise conforme ao criterio da sincronía, trátase en realidade de determinar correctamente o inventario de FR con CLF segundo a súa función en tanto que unidades lingüísticas. A necesidade de analizar os FR con CLF atendendo tamén á xenética derívase da propia esencia do fenómeno: a ligazón fraseolóxica dos constituíntes é o resultado de complexos procesos intralingüísticos dos que se pode facer un seguimento. No entanto, polo xeral non se traça un límite unívoco entre os aspectos xenético e sincrónico, e chégase á conclusión de que ambos os fenómenos son relevantes. Isto non exclúe, porén, que no sistema lingüístico existan elementos arcaicos que se poidan empregar libremente na *parole*. Por veces, resulta moi complexo diferenciar entre os arcaísmos libres e os arcaísmos ligados fraseoloxicamente. Cando un elemento arcaico ocorre libremente, pertence á periferia do sistema léxico da lingua e, polo xeral, está en proceso de desaparición. A miúdo, o seu ámbito de uso pode chegar a estar tan limitado que un arcaísmo ou historismo deste tipo se pode concibir con todo o dereito como CLF. Con todo, os arcaísmos ou historismos que se atopan no límite entre formas libres e CLF trátanse como FR con CLF. Non é casualidade nin que a maioría dos FR con elementos arcaicos conteñan CLF entre os seus constituíntes nin que a maioría dos FR con CLF se teñan producido como consecuencia de procesos de arcaización (*vid.* Dobrovol'skij 1979: 52).

Os FR con CLF presentan un grao de idiomaticidade moi elevado. Esta é unha categoría lingüística importante, especialmente para o estudo dos FR atendendo ao seu funcionamento na lingua. O grao de idiomaticidade determina até certo punto a frecuencia de uso do FR. Fleischer constata que os FR con CLF presentan un comportamento moi variado no que respecta ao grao de idiomaticidade, ben que con frecuencia tamén mostran un alto nivel de estabilidade (*vid.* Fleischer 1982: 48). Os exemplos seguintes constitúen un bo exemplo da viveza e da presenza forte e constante das palabras diacríticas nos FR:

(14) *Zwischendrin explodieren ein paar Raumschiffe und Planeten und eigentlich alles, was durch den Kosmos kreucht und fleucht.* (fr-aktuell.de, 19/05/2005)

(15) *Betritt er ein Haus, in dem ein womöglich hochgiftiges Untier krecht, dann macht er sich darum "eigentlich wenig Gedanken".* (kn-online.de, 27/07/2005)

(16) *Seit ein paar Wochen schon erfüllt sie am Gerlingweg ihren Zweck als gefahrloser Überweg für alles, was da krecht und fleucht und hoppelt.* (abendblatt.de, 04/05/2005)

En (15) observamos unha redución do FR; en (16), en cambio, unha ampliación, o que dá proba de que nestes exemplos se produce unha contravención da estabilidade.

No dicionario fraseolóxico *Duden 11* (2002: 446) lemos a respecto desta expresión: “[alles,] was da krecht und fleucht (geh.): alle Lebewesen (zu Lande und in der Luft)”. Este binomio conserva as antigas formas flexivas dos verbos *kriechen* e *fliegen*.

Os constituíntes ligados fraseoloxicamente pódense clasificar en diferentes grupos: substantivos: *auf Anhieb, in Betracht kommen, außer Betracht bleiben, etw. aus Daffke tun, alle Jubeljahre*; adxectivos/adverbios: *abhanden gehen, abhold sein, jdm. piepe sein, frank und frei, klipp und klar; gang und gäbe*; verbos: *wie er leibt und lebt, eine Scharte auswetzen* etcétera; estranxeirismos: *Valet sagen, ad acta legen*. Isto indica que os FR con CLF non conforman en absoluto un grupo homoxéneo, senón que son moi heteroxéneos tanto dende o punto de vista estrutural coma do semántico. Dobrovól'skij propón unha clasificación tipolóxica deste grupo. Para iso, ten en conta o carácter da determinación do FR polos seus compoñentes e a estrutura interna do CLF. Atendendo á súa estrutura, os constituíntes ligados poden ser morfemas básicos ou palabras compostas, ou ben poden caracterizarse por presentar anomalías flexivas. Os compostos cuxa raíz non se emprega libremente inclúense entre os morfemas básicos. A ligazón do constituínte pode ser de tipo léxico ou gramatical (*cf.*: Fleischer 1982: 48). O carácter binario do signo lingüístico implica que os constituíntes dun FR presenten tanto un CLF coma un significado, do que podemos concluír que a súa ligazón fraseolóxica pode estar determinada tanto pola especificidade do constituínte coma polas particularidades do seu significado. Da observación do CLF comprobamos que a ligazón fraseolóxica constitúe, en definitiva, un fenómeno semántico. Como resultado da aplicación do criterio da relación entre os significados interno e externo da locución, os FR con CLF divídense en dous grupos: (a) FR con homónimos ligados fraseoloxicamente, por exemplo, *fix und fertig*, (b) FR con significados ligados fraseoloxicamente de palabras polisémicas, por exemplo, *einen Piep haben*. Cada constituínte ten un significado, é dicir, significa algo dentro do FR. Isto non contradí a afirmación de que o FR no seu conxunto ten un significado unitario, o que no ámbito especializado se coñece como “significado fraseolóxico”. Houbo outro intento de clasificar os FR con CLF conforme a criterios lingüísticos.

Denomínanse calcos fraseolóxicos aqueles FR creados por un proceso de empréstito consistente en reproducir un FR existente na lingua L1 cos medios da lingua L2 seguindo a estrutura de compoñentes do FR da L1, o que dá lugar á aparición dun novo FR na L2. A traducibilidade plena só está garantida se se trata de internacionalismos que teñen exactamente o mesmo significado na lingua orixe e na lingua meta e cuxos elementos tamén se corresponden de forma exacta ou aproximada como palabras libres. En todas

as linguas europeas existen hoxe en día calcos fraseolóxicos que se dan en diferentes linguas, por exemplo, *Kain und Abel* en alemán, *Cain and Abel* en inglés, *Kain i Avel* en ruso ou *Kain i Abel* en polaco. Outro exemplo é a locución *von Pontius zu Pilatus laufen* ('ir de Poncio a Pilato'), que existe tamén en polaco como *chodzić, biegać, odsyłać od Annasza do Kajfasza*, e que en alemán, segundo o dicionario *Duden 11* (2002: 1584), é de uso coloquial, significa "nun asunto, ter que dar moitas voltas, ir ou ser enviado dun sitio a outro", e deriva realmente da expresión *von Herodes zu Pontius Pilatus laufen* ('ir de Herodes a Poncio Pilato').

Ademais, existen FR que conteñen estranxeirismos, como por exemplo, *Fata Morgana*, *Happy End*. É cuestionable a pertenza destas locucións ao sistema fraseolóxico da lingua alemá actual. Pode acontecer que, como consecuencia de procesos fraseolóxicos intralingüísticos, se xeren FR que inclúan constituíntes noutras linguas. Porén, estes constituíntes non adoitan estar ligados fraseoloxicamente. A característica principal destes FR radica en que os seus constituíntes sufriron unha transformación semántica. Un dos posibles motivos intralingüísticos pode radicar nunha asociación errada que asentou entre os falantes e que está estreitamente ligada á ligazón fraseolóxica dos constituíntes. Influenciados por asociacións erradas xurdiron fraseoloxismos como, por exemplo, *den Amtsschimmel reiten* e *Maulaffen feilhalten*.

O grupo dos FR que teñen a súa orixe na hiperbolización do contido metafórico é relativamente reducido e, para o uso actual da lingua, pouco relevante. Inclúense neste grupo os FR do tipo *homerisches Gelächter*, *einen Heidenlärm machen* etcétera.

Os FR con constituíntes xerados por procesos de derivación a partir de lexemas libres conforman o seguinte grupo da clasificación. Aquí analízanse FR que inclúan constituíntes ligados que xurdiron da unión de lexemas libres. Este proceso pódese observar de forma especialmente clara no exemplo do FR *jmdm. den Garaus machen* ("darlle a alguén o seu merecido; acabar con alguén"), cuxo constituínte substantivo *Garaus* naceu da substantivación do grupo de palabras *gar aus* ("totalmente concluído"). Outro exemplo: a partir da forma do imperativo do verbo *ausreißen* (*reiß aus!*, "fuxe!") formouse o constituínte básico do FR *Reißaus nehmen* ("liscar, fuxir, apelar aos pés, fuxir coma un lóstrego") (Dobrovol'skij 1979: 56). A clasificación proposta por Dobrovol'skij, que se basea nun método de análise complexo e que ten en conta tanto a estrutura coma a semántica do FR, parte do concepto da determinación fraseolóxica. Por determinación fraseolóxica enténdense as relacións sintáctico-semánticas entre dous membros en que un dos membros é especificado (determinado) polo outro. A determinación designa unha dependencia unilateral e require un funtivo constante ou obrigatorio e un funtivo variable ou facultativo. Como primeiro paso formúlase a cuestión de se esta determinación ten carácter recíproco. O primeiro paso prodúcese no nivel do FR. A continuación, analízase o constituínte determinante (o constituínte básico) atendendo á esencia da determinación, que pode ser de natureza léxica ou gramatical. A determinación léxica pódese producir, ben porque o constituínte básico contén un morfema básico ligado fraseoloxicamente, ben porque é a construción dun composto de palabras ligada fraseoloxicamente.

Establecéronse así catro grupos. O primeiro grupo está formado polos FR que teñen nos seus constituíntes morfemas básicos ligados fraseoloxicamente. A este tipo pertencen FR como, por exemplo, *ohne Fehl sein, frank und frei, klipp und klar* etcétera. Inclúense aquí 142 FR, que corresponden ao 26 % dos 547 FR rexistrados por Dobrovól'skij (1979). No segundo grupo estúdanse os FR con construción dun composto de palabras ligadas fraseoloxicamente. Deste tipo son construcións como, por exemplo, *Fersengeld geben, einer Sache habhaft werden*. Este tipo de FR conforma o grupo de meirande representación na lingua alemá, en concreto, 349 FR, é dicir, o 63,8 %. O terceiro grupo está formado por FR cuxos constituíntes presentan anomalías morfolóxicas ou sintácticas internas. A este grupo pertencen, sobre todo, as construcións coa desinencia de dativo e no singular dos substantivos de xénero masculino e neutro. Este tipo constitúe un caso especial e inclúe 46 FR, é dicir, o 8,4 %. Conforme ao algoritmo, o cuarto grupo está formado por FR con constituíntes con CLF con determinación recíproca. Este último tipo inclúe case exclusivamente binomios: *Hinz und Kunz, weder gicks noch gacks, Lug und Trug*. Está moi pouco representado. Dobrovól'skij inclúe no seu material 10 unidades, é dicir, aprox. 1,8 %.

Aquí obsérvase a gran relevancia que ten a categoría da determinación para os FR estudados. Contéplase como criterio para a clasificación dos FR. O principio da determinación na fraseoloxía baséase na predicibilidade dun ou varios elementos por outro ou outros, por exemplo, (*wie*) *auf dem Präsentierteller sitzen (wie auf .... sitzen*: distribución fraseolóxica do constituínte; *dem Präsentierteller*: cómpre determinar a súa presenza en base á determinación). O segundo constituínte predí con absoluta seguridade o primeiro, mentres que o primeiro elemento admite un gran número de substantivos, por exemplo, neste caso: *wie auf Nadeln sitzen, wie ein Affe auf dem Schleifstein sitzen*.

LUG ←————→ TRUG

A presenza da palabra *Lug* (“mentira”) predí con total seguridade a palabra *Trug* (“engano, fraude”). O primeiro e o segundo compoñente predinse mutuamente. Cada un destes CLF está en condicións de predicir a súa distribución directa cunha alta probabilidade. Isto comprobouse atendendo á determinación unilateral. No caso da determinación recíproca, ambos os constituíntes básicos presentan esta propiedade, é dicir, predinse mutuamente. Dobrovól'skij e Piirainen (1994) elaboraron unha lista de FR con CLF vivos no alemán actual. Porén, na lista composta por estes autores pódese apreciar unha disonancia. Cos seguintes exemplos quero corroborar a miña tese de que os FR con palabras diacríticas combinan perfectamente aspectos sincrónicos e diacrónicos da lingua e que destacan os procesos de evolución continuos da lingua, así como a viveza de formas anticuadas, necróticas. A vitalidade e mobilidade destas formas arcaicas quedan reflectidas na súa dinámica comunicativa, por exemplo:

(17) *Keine Ahnung, wie viele Bilder er gemalt hat in seinem Leben, 1616 schätzt er aufs Geratewohl.* (fr-aktuell.de, 21/01/2005)

(18) *Die Vereine müssten ihren Sponsoren Paroli bieten und sich eine Einmischung in sportliche Fragen verbieten.* (archiv.tagesspiegel.de, 09/01/2005)

O compoñente do FR con CLF pode producirse tamén de forma illada fóra do FR, por exemplo, *Abschaum der Menschheit; dieser Kerl ist Abschaum; Pike (von der Pike auf dienen/lernen/etw. erlernen); Trübsal (Trübsal blasen)*. Segundo Stumpf (2014), só o 5 % aparece nesta forma (*Abschaum der Menschheit*). Neste caso, xa non sería un CLF, senón un lexema autónomo que se desprende da unión fraseolóxica.

(19) *Er sieht sich dabei gerne als den faulen Abschaum der Gesellschaft, in der es zum Prinzip geworden ist, dass sich niemand um den andern kümmert.* (berlinonline.de, 29/05/2005)

(20) *Die zwei Frankfurter kennen das Geschäft von der Pike auf.* (fr-aktuell.de, 11/01/2005)

(21) *Torschütze war Mannschaftsführer Marco Schabacker, der Schnelsens Torwart Florian Ludwig mit einem Schuß mit der „Pike“ aus elf Metern überraschte.* (abendblatt.de, 15/02/2005)

(22) *Hin und wieder hallen Schüsse durch die unliegenden Gassen, beweisen Soldaten, dass sie mit Pike und Muskete fachmännisch umzugehen wissen.* (archiv.tagesspiegel.de, 14/11/2005)

(23) *Wer glaubt, dass der Regierende Bürgermeister im neuen Jahr Trübsal bläst und seine Reiselust verliert, der irrt.* (archiv.tagesspiegel.de, 09/01/2005)

(24) *Bei all dem gefühlten Trübsal im Land.* (welt.de, 12/02/2005)

(25) *Viel Zeit für Trübsal bleibt den zu Saisonbeginn auf sieben Positionen veränderten Friedrichshafenern nicht.* (fr-aktuell.de, 29/03/2005)

(26) *Trotzdem versänken sie nicht in Trübsal, so die Forscher, sondern seien im Schnitt genauso glücklich wie die Gesunden.* (welt.de, 30/03/2005)

(27) *Die Zeit der Trübsal und der Heimlichkeit scheint überstanden.* (spiegel.de, 29/05/2005)

Con frecuencia tamén se producen outras modificacións dos FR con palabras diacríticas, tal como ilustran os exemplos seguintes, por exemplo,

(28) *Gesucht wird der Name einer jungen französischen Schauspielerin, die mit Fug und Recht zu den schönsten Frauen der Welt gezählt werden darf und muss.* (fr-aktuell.de, 04/01/2005)

(29) *Um es mit den Worten des Ex-Gladbacher Fußballlehrers Holger Fach auszudrücken: „Das kann man ohne Fug und Recht sagen!“* (fr-aktuell.de, 08/01/2005)

(30) *Nun kann man mit Fug behaupten, daß sich seit dem 10. August 1862 wenig im Städtchen geändert hat, denn nicht nur die Sommersonne und das Grün, sondern auch Spielkasino, Trinkhalle und „Conversations“-Haus stehen wunderschön am alten Platz.* (faz.net, 26/07/2005)

(31) *Aber ich kann mit Recht und Fug behaupten, dass ich da war!* (ngz-online.de, 14/02/2006)

(32) „*Ob mit einer Zertifizierungswelle mehr Sicherheit geschaffen wird, darf mit Fug und recht bezweifelt werden*“, sagte *Hauptgeschäftsführungsmitglied Carsten Kreklau*. (handelsblatt.com, 04/08/2006)

(33) *Die Dementis sind nicht minder heftig: Alles erstunken und erlogen, lässt der Profi verbreiten*. (merkur-online.de, 22/07/2006)

(34) *Also, fassen wir mal zusammen, da werden unter hanebüchenen Beschuldigungen die modernsten Krieger der Welt auf einen militärischen Zwergstaat losgelassen und hinterher stellt sich alles von Anfang an als erlogen und erstunken raus*. (focus.msn.de, 10/09/2006)

## 5. Conclusións

Co presente traballo pretendeuse tirarlle utilidade aos fraseoloxismos do alemán con elementos únicos ou palabras diacríticas dende o punto de vista sincrónico e diacrónico da lingua. Constatouse que esta tarefa só é posible en parte dada a falta de corpus electrónicos de fiabilidade filolóxica que recollan os estadios máis antigos do alemán, así como a variación diversa dos rexistros históricos sumada á singularidade da súa transmisión. Concordo co punto de vista de Stumpf (2014), quen relativiza a hipótese dicotómica que prevaleceu até a actualidade. Segundo isto, a ligazón fraseolóxica debería ser contemplada como unha propiedade gradual. Esta característica permítenos ilustrar e explicar a categoría dos CLF como unha clase prototípica.

A distinción dos FR con CLF como grupo particular dentro da fraseoloxía alemá é de gran relevancia para o ensino do alemán como lingua estranxeira, pois conteñen palabras totalmente descoñecidas para o estranxeiro por non se empregaren libremente. Isto comporta en primeira liña enormes dificultades, non só para a comprensión, senón tamén, sobre todo, para a produción. A pescuda dos FR con CLF demostrou que moitos deles son usuais na actualidade e que dispoñen dun elevado potencial e poder de creación textual. Do carácter binario do signo lingüístico resultou a necesidade de diferenciar entre, por unha banda, os constituíntes ligados fraseoloxicamente e, pola outra, os significados ligados fraseoloxicamente. A aplicación do método estrutural-semántico permitiu atopar criterios para efectuar unha subdivisión máis profunda dos FR con CLF, a saber, o criterio da determinación, da estrutura de formación de palabras do CLF, da relación semántica entre os significados interno e externo da expresión. A aplicación do criterio da determinación dos FR con CLF brinda a oportunidade de determinar nalgúns casos os principais constituíntes do FR, o que contribúe a completar o rexistro lexicográfico do repertorio fraseolóxico da lingua alemá actual. A aplicación deste criterio axuda a abranguer as regularidades da estrutura interna dos FR e contribúe a revelar o seu status lingüístico. Os FR con este tipo de constituíntes son capaces de adaptarse a diferentes estruturas oracionais, así como a necesidades comunicativas diverxentes, actuando así como compoñentes produtivos na conformación do texto. Neste aspecto tamén observamos



o seu importante potencial comunicativo e de enlace entre sincronía e diacronía léxicas. En consecuencia, tenderá a aumentar o ámbito dos FR que xa non son transparentes e constituirá un auténtico reto de sistematización para o traballo lexicográfico.

## 6. Bibliografía

- AMOSOVA, Natalija N. (1963): *Osnovy anglijskoj frazeologii*. Leningrad: Nauka.
- BURGER, Harald (2007): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt Verlag.
- (2008): "Das idiomatische „Bild“ und seine Modifikationen durch materielle Bilder – theoretische und empirische Aspekte", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač, 90-113.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (1979): *Phraseologisch gebundene lexikalische Elemente der deutschen Gegenwartssprache*. Leipzig: Enzyklopädie.
- (1988): *Phraseologie als Objekt der Universalienlinguistik*. Leipzig: Enzyklopädie.
- (1989): "Formal gebundene phraseologische Konstituenten: Klassifikationsgrundlagen und theoretische Analyse", en *Beiträge zur Erforschung der deutschen Sprache* 9, 57-78.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (1994a): "Phraseologisch gebundene Formative. Auf dem Präsentierteller oder auf dem Abstellgleis?", en *Zeitschrift für Germanistik* 1, 65-77.
- (1994b): "Sprachliche Unikalia im Deutschen. Zum Phänomen phraseologisch gebundener Formative", en *Folia Linguistica* 3-4, 449-473.
- (1994c): *Symbole in Sprache und Kultur. Studien zur Phraseologie aus kultursemiotischer Perspektive*. Bochum: Brockmeyer.
- DONALIES, Elke (2009): *Basiswissen Deutsche Phraseologie*. Tübingen, Basel: A. Francke Verlag.
- DUDEN (2002): *Wörterbuch 11. Redewendungen*. Mannheim/Leipzig/Wien/Zürich: Dudenverlag.
- EISMANN, Wolfgang (2003): "Assoziation – Innere Form – Volksetymologie und Phraseologismus", en BURGER, Harald; HÄCKI-BUHOFFER, Annelies; GRÉCIANO, Gertrud (eds.): *Flut von Texten – Vielfalt der Kulturen*. Ascona 2001, *Zur Methodologie und Kulturspezifität der Phraseologie*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren, 155-168.
- FEYAERTS, Kurt (1994): "Zur lexikalisch-semantischen Komplexität der Phraseologismen mit phraseologisch gebundenen Formativen", en CHLOSTA, Christoph; GRZYBEK, Peter; PIIRAINEN, Elisabeth (eds.): *Sprachbilder zwischen Theorie und Praxis*. Bochum: Brockmeyer, 133-162.
- FLEISCHER, Wolfgang (1997/1982): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. Leipzig: Max Niemeyer Verlag.
- (1989): "Deutsche Phraseologismen mit unikaler Komponente – Struktur und Funktion", en GRÉCIANO, Gertrud (ed.): *EUROPHRAS 88. Phraséologie Contrastive. Actes*

- du Colloque International Klingenthal – Strasbourg 12-16 mai 1988*. Strasbourg: Université des Sciences Humaines, 117-126.
- HALLSTEINSDÓTTIR, Erla (2001): *Das Verstehen idiomatischer Phraseologismen in der Fremdsprache Deutsch*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač.
- HÄCKI-BUHOFER, Annelies (2002a): “Phraseologisch isolierte Wörter und Wortformen”, en CRUSE, A. D. *et alii* (eds.): *Lexikologie. Ein internationales Handbuch zur Natur und Struktur von Wörtern und Wortschätzen. Band 1*. Berlin/New York: Walter de Gruyter, 429-433.
- (2002b): “Unikalia im Sprachwandel: phraseologisch gebundene Wörter und ihre lexikographische Erfassung”, en PIIRAINEN, Elisabeth, PIIRAINEN, Ilpo Tapani (eds): *Phraseologie in Raum und Zeit*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren, 125-160.
- KEIL, Martina (1997): *Wort für Wort: Repräsentation und Verarbeitung verbaler Phraseologismen (Phraseo-Lex)*. Tübingen: Niemeyer.
- KUNIN, Aleksandr V. (1986): *Anglijskaja frazeologija*. Moskau: Vysšaja Škola.
- HOLZINGER, Herbert J. (2012): “Unikale Elemente: Apuntamentos sobre as palavras ligadas fraseologicamente do alemão actual”, en *Cadernos de Fraseologia Galega* 14, 165-173. (<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg14.pdf>).
- MELČUK, Igor; REUTER, Tilman (1984): “Bemerkungen zur lexikographischen Beschreibung von Phraseologismen und zum Problem unikalener Lexeme (an Beispielen aus dem Deutschen)”, en *Wiener Linguistische Gazette* 33-34, 19-34.
- MELLADO BLANCO, Carmen (1998): “Aproximación teórico-práctica a los ‘elementos únicos’ del alemán actual en su calidad de fósiles léxicos”, en MAGALLANES LATAS, Fernando *et alii* (eds.): *Tradición e innovación en los estudios de lengua, literatura y cultura alemanas en España*. Sevilla: Kronos Universidad, 493-501.
- NAUMANN, Hans Peter (1987): “Unikale Komponenten im Schwedischen”, en BURGER, Harald; ZETT, Robert (eds.): *Aktuelle Probleme der Phraseologie*. Bern/Frankfurt am Main/New York/Paris: Peter Lang, 151-168.
- OLSCHANSKY, Heike (2004): *Täuschende Wörter - Kleines Lexikon der Volksetymologien*. Stuttgart: Philipp Reclam.
- RIESEL, Elise (1970): *Der Stil der deutschen Alltagsrede*. Leipzig: Reclam.
- SAILER, Manfred (2004): “Distributionssynkrasien: Korpuslinguistische Erfassung und grammatiktheoretische Deutung”, en STEYER, Katrin (ed.): *Wortverbindungen - mehr oder weniger fest*. Berlin/New York: Walter de Gruyter, 194-221.
- SAILER, Manfred; TRAWIŃSKI, Beata (2006): “Die Sammlung unikalener Wörter des Deutschen. Aufbauprinzipien und erste Auswertungsergebnisse”, en HÄCKI-BUHOFER, Annelies; BURGER, Harald (eds.): *Phraseology in Motion I. Methoden und Kritik. Akten der Internationalen Tagung zur Phraseologie (Basel, 2004)*. Hohengehren: Schneider Verlag, 439-450.
- SCHIPPAN, Thea (1992): *Lexikologie der deutschen Gegenwartssprache*. Tübingen: Niemeyer.

- ŠMELOV, Dmitrij N. (1981): “Der Begriff der phraseologischen Gebundenheit. Typen der phraseologischen Einheiten”, en JAKSCHE, Harald *et alii* (eds.): *Reader zur sowjetischen Phraseologie*. Berlin/New York: Walter de Gruyter, 51-62.
- SOEHN, Jan-Philipp (2003): *Von Geisterhand zu Potte gekommen – Eine HPSG-Analyse von PPs mit unikalener Komponente*. Tübingen (traballo de fin de mestrado inédito).
- STEYER, Kathrin (2013): *Usuelle Wortverbindungen. Zentrale Muster des Sprachgebrauchs aus korpusanalytischer Sicht*. Tübingen: Narr.
- STUMPF, Sören (2014): “Mit Fug und Recht. Korpusbasierte Erkenntnisse zu phraseologisch gebundenen Formativen”, en *Sprachwissenschaft* 39, 85-114.

**Outras fontes:**

- WOLF, Christa (2007) : *Kindheitsmuster*. Berlin: Aufbau.  
<http://www.dwds.de/>  
[wortschatz.uni-leipzig.de](http://wortschatz.uni-leipzig.de)

